



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 04 DE OUTUBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00043517J.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 27 de setembro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 28 de setembro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 29 de setembro de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00006130D.

Licenza obra maior.

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 19/07/2021 para a rehabilitación de vivenda unifamiliar existente no Lg Piñeiro, O Eixo, Santiago de Compostela (A Coruña) segundo o proxecto básico e de execución de data de visado do 18/12/2020 e a documentación 31/08/2021.

Segundo.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

Terceiro. Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 18/12/2020 e a documentación 31/08/2021, a rehabilitación de vivenda unifamiliar existente no Lg de Piñeiro, O Eixo, Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 85.000 euros.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00015679M.

Licenza obra maior.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 22 de abril de 2021, outorgada ante o Notario don Francisco López Moledo , co número de protocolo mil dezaioito. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

SEGUNDO.- Conceder licenza para o proxecto básico presentado na data 9/04/2021 e a documentación presentada o 30/07/2021, cun orzamento de execución material de 221.587,50 €.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00011893Z.

Licenza de obra maior.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 12/02/2021 , co número de protocolo cento cincuenta e nove. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

SEGUNDO.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 19/02/2021 e a documentación presentada o 20 e o 25/07/2021, cun orzamento de execución material de 171.543,67 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada na Rúa Miñato, Santiago de Compostela (A Coruña)

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00002362P.

Licenza obra maior.

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 11/08/2021 solicitada para a instalación dun ascensor no edificio situado na Rúa Rosalía de Castro, Santiago de Compostela (A Coruña) segundo o proxecto básico e de execución de data de visado do 17/12/2020 e a documentación presentada o 08/07/2021 e o 03/09/2021.

Segundo.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

Terceiro: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 17/12/2020 e a documentación presentada o 08/07/2021 e o 03/09/2021, a instalación dun ascensor no edificio situado na Rúa Rosalía de Castro, 41 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 42.271,33 €.

6. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: lap/227/2016.

Licenza de obras de legalización ampliación edificación de servizo na Rúa Vía Pasteur, 21.

Acórdase CONCEDER a VALCARCE SANTIAGO, S.L. licenza de OBRAS de legalización da ampliación do edificio de servizos na RUA VIA PASTEUR, 21-27, (parcela 2) segundo Proxecto de legalización redactado polo arquitecto Luis Carnicero de la Fuente co visado do COAG de data 10/02/2021, cun orzamento de execución material de 37.220,37 €, maila Memoria de axardiñamento en cumprimento das condicións da DXP cun orzamento de execución material de 2.926,91 €.

Trátase da legalización do edificio de servizos para tenda, oficina e café-bar-restaurant de dous plantas cunha altura máxima de seis metros, superficie construída de 194,18 m² (superficie útil total de 162,41 m²), ocupación en planta de 152,63 m².)

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza industrial do Plan Parcial do Polígono do Tambre.

7. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: lap/127/2016.

Licenza de obras de reforma e legalización de uso de albergue no Lugar de Lavacolla, 35.

Acórdase:

PRIMEIRO: ACEPTAR a cesión de terreo (615 m²) para viario contida na escritura de segregación e cesión de terreos para viario outorgada con data de 18/06/2021 ante notario, nº de protocolo 850

SEGUNDO: CONCEDER licenza de obras de REFORMA para albergue no LG LAVACOLLA (A), 35 000 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), consonte expediente de egalización

redactado con visado colexial de data 24/01/2020, cun orzamento de execución material de 115.103,11 €, baixo a dirección de obra do proxectista.

As actuacións consistirán en OBRAS DE ACONDICIONAMENTO e legalización de uso de edificación principal cunha superficie construída de 281,45 m² (superficie útil de 240,47 m²), unha edificación auxiliar destinada a recepción, cafetería e cociña dunha superficie construída de 46,87 m² (39,18 m² útiles) e a construción dunha pérgola de 3,70 x13,15 metros, para destino de albergue (34 prazas).

A parcela edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente (ordenanza 6 de vivenda unifamiliar extensiva) e en oarte en solo clasificado como urbanizable (SUN-31).

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035237J.

Imposición de sanción á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA (CIF A-15352735) por demora inxustificada na execución das obras de construción dun parque infantil na rúa Coto dos Olmos, 19 (POS+2019-Adicional 1/Fase 1ª).

Acórdase impor á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA unha sanción de 157,08 euros pola demora inxustificada de 6 días acumulada na execución das obras de construción dun parque infantil na rúa Coto dos Olmos, 19 (POS+2019-Adicional 1/Fase 1ª), sanción que dada a situación actual do expediente farase efectiva sobre garantía definitiva constituída no seu día para responder da correcta execución das obras (2.181,84 euros).

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00034619Q.

Aprobación do expediente de contratación do servizo de mantemento dos ascensores e salvaescaleiras dos edificios e locais municipais, dispoña a apertura do procedemento de adxudicación.

Apróbase o expediente denominado *Servizo de mantemento dos ascensores e salvaescaleiras dos edificios e locais municipais*, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 120.762,55 euros (99.803,76 euros + IVE do 21% que ascende a 20.958,79 euros).

O gasto preciso para o financiamento deste contrato imputarase coa seguinte desagregación en tres anualidades: 2021, 2022 e 2023.

O devandito gasto queda condicionado á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024280G.

Adxudicación da Prestación do servizo de subscripción, actualización e mantemento da base de datos territorial do Concello de Santiago de Compostela á empresa ARNAIZ URBIMÁTICA SL.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ARNAIZ URBIMÁTICA SL, por un importe de 11.500 euros (9.504,13 euros +IVE de 21%: 1.995,87 euros), sendo a súa oferta a única presentada e cumprindo os requirimentos dos pregos de aplicación.

Segundo: Aprobar e dispoñer o gasto necesario para o financiamento deste contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 050 15100 2270600, de acordo co seguinte desagregamento por anualidades, para o que consta a conformidade da empresa contratista, e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nos correspondente exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 3.000 euros.

Anualidade 2022: 9.000 euros.

11. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: Factura 2021/3136, Urbaser, S.A..
Proposta relativa á convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono a Urbaser, S.A., de 668.289,63 euros do mes de xuño 2021 pola recollida de residuos e limpeza viaria.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de xullo do ano 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de seiscentos sesenta e oito mil douscentos oitenta e nove euros con trinta e seis céntimos (668.289,63 €) a favor de "Urbaser, S.A."

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

12. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: Factura 2021/3588, Urbaser, S.A.
Proposta relativa á convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono a Urbaser, S.A. de 668.289,63 euros do mes de xullo 2021 pola recollida de residuos e limpeza viaria.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de xuño do ano 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de seiscentos sesenta e oito mil douscentos oitenta e nove euros con trinta e seis céntimos (668.289,63 €) a favor de "Urbaser, S.A."

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

13. UNIDADE DE RÉXIME INTERIOR. Referencia: PROPOSTA CONCELLEIRO
MOBILIDADE INFORME INTERVENCIÓN 989/2021.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda facturación emitida por Autos Iglesias, S.L. en concepto de alugamento de oito vehículos monovolume para a Policía Local correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de DEZASETE MIL TRESCENTOS VINTE E SETE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS DE EURO (17.327,20 €), que comeza pola número F/2021/3853 por importe de 8.663,60 euros e finaliza pola número F/2021/4166 por importe de 8.663,60 euros, en concepto de alugamento de oito vehículos monovolumen para a Policía Local correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00043131H.

Aprobación da presentación dunha solicitude de axuda ao abeiro da convocatoria para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana para a Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela.

Apróbase a presentación dunha solicitude de axuda ao abeiro da convocatoria para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española do

Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana para a Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela por importe de 200.000€

15. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2021/00028285F.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, 2021.

Dase de conta da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a asociación Coordinadora Galega de Organizacións non Gubernamentais para o Desenvolvemento e o Concello de Santiago, para o ano 2021.

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 06/09/2021, acordou a aprobación do texto de convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento no que se recolle unha subvención nominativa por valor de quince mil euros 15.000€.

16. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00043517J.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 24 ao 30 de setembro de 2021.

URXENCIAS

16. CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 29 DE SETEMBRO DE 2021 RELATIVO Á A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO COMMARKET SANTIAGO.

Acórdase a corrección no cadro de orzamento do Proxecto COMMARKET SANTIAGO, corrección do cadro de financiamento por actividades e anualidades; e corrección da contía solicitada ao Ministerio de Industria, comercio e Turismo, que ascende a 507.116 euros para o cofinanciamento do desenvolvemento do Proxecto COMMARKET SANTIAGO. A achega do Concello de Santiago é **132.675,44 euros** que representa o 10% do proxecto (56.348 euros) mais o IVE que non é subvencionable (76.327,44 euros) distribuída entre as anualidades 2021 (20.267,50 euros) e 2022 (112.407,94 euros). A achega do Ministerio, ascende a **507.116,00 €**. O importe total do proxecto ascende, IVE incluído, a **639.791,44 euros**.